

22
de maio

XORNADA DE LOITA

Todos ás manifestacións en defensa da educación pública Vigo: ás 20:00 h. ▶ no MARCO

Nos últimos días centenas de miles de mozos e traballadores de todo o Estado inundamos as rúas de dúcias de cidades contra os recortes levados adiante por parte do Partido Popular na educación e sanidade públicas. Uns recortes históricos que están supoñendo xa, no caso da sanidade pública coa redución de 7.000 millóns de euros, a pechadura de plantas, como sucede no Hospital Virgen de la Luz Cuenca, ou de hospitais enteiros, como se anunciou o pasado 30 de abril en Baleares co hospital xeral e o hospital Juan March.

RECORTES PARA MOZOS E TRABALLADORES, MILLÓNS PARA BANQUEIROS E ESPECULADORES

Si os recortes en Sanidade van supoñer un retroceso histórico nas nosas condicións de vida, o impacto dos recortes á educación pública non serán menores. Como xa puidemos denunciar durante a convocatoria da mobilización estudantil do pasado 10 de Maio, o recorte de 3.000 millóns de euros contra a educación pública vaise traducir no despedimento de entre 50.000 e 100.000 profesores en todo o Estado, na masificación das aulas en primaria e secundaria —chegando a superarse os 40 alumnos por clase en bacharelato— e a suba brutal das matrículas universitarias, algo que para moitas familias traballadoras fará imposible o seu pago, e cuxa consecuencia será que os mozos das familias máis humildes verémonos excluídos do acceso á universidade.

Mentres estas medidas sen precedentes lévanse adiante, no último Consello de Ministros Mariano Rajoy aprobaba unha inxección de 10.000 millóns de euros para salvar a Bankia, e outras entidades financeiras, da crise derivada da especulación inmobiliaria que estes mesmos banqueiros provocaron. Miles de millóns de euros do erario público que só servirá para manter intactos os soldos e beneficios dos altos executivos. De feito Rodrigo Rato, ex presidente de Bankia e ex ministro de economía con Aznar, ademais de gañar máis de 2 millóns de euros en “salarios” polo seu cargo, será indemnizado con 1,2 millóns ao abandonalo.

A única preocupación da dereita é ver como desviar máis fondos públicos a mans privadas, como apropiarse dos recursos que produce a maioría da sociedade

www.sindicatodeestudiantes.net

para entregarlle a unha reducidísima capa de grandes empresarios, banqueiros e especuladores.

A DEREITA CRIMINALIZA Á MOCIDADE PARA DEFENDER OS SEUS PRIVILEXIOS

É por iso que tamén nas últimas datas puidemos ser testemuñas dunha vergoñosa campaña de criminalización lanzada contra a mocidade por parte dos medios de comunicación da dereita e extrema dereita. O pasado 9 de Maio o diario La Razón publicaba unha portada coa imaxe de cinco estudantes, entre as que se atopaban as fotografías de dous compañeiros do Sindicato de Estudiantes, lanzando toda unha serie de descualificacións, falsas acusacións e mentiras coa intención de desprestixiar a mobilización da mocidade contra os recortes e por un futuro digno.

Lamentablemente para a dereita esta campaña de criminalización saíulle ao revés, e aquela portada, propia da ditadura franquista, serviu para indignar a millóns de mozos e traballadores en todo o Estado e animarlles a seguir mobilizándose contra os ataques do Partido Popular. De feito a campaña de mentiras e criminalización á mocidade que desde hai meses estase levando adiante, non serviu de nada cando o pasado 12-M centenas de miles de persoas saíron en todo o Estado para celebrar o primeiro aniversario do 15M, e para volver protestar contra os recortes sociais.

22-M, TODOS Á FOLGA EN EDUCACIÓN

Os sindicatos de profesores CCOO, UGT e STEs, xunto coa CEAPA e o Sindicato de Estudiantes convocamos unha folga xeral educativa para o día 22 de Maio coa que responder unitariamente a este ataque sen precedentes na educación pública. Aínda que somos conscientes das dificultades que poden xurdir pola gran carga de exames nestas datas, desde o Sindicato de Estudiantes facemos un chamamento a todos os estudantes a participar nesta xornada de folga do conxunto da comunidade educativa e nas respectivas moralizacións, para deixar claro ao PP que se non retiran de inmediato estes ataques, no mes de setembro a mobilización e a loita continuará a un nivel superior.

Estamos convencidos de que existe a forza e a decisión por parte dos profesores, os estudantes e o conxunto da clase traballadora para derrotar á dereita e acabar con esta andanada de agresións contra os servizos sociais e os nosos dereitos. As mobilizacións educativas, as do 12 de maio, a folga xeral do pasado 29 de marzo, mostran que é necesario unificar e endurecer a resposta. Por iso desde o Sindicato volvemos realizar un chamamento ás direccións de CCOO, UGT e CIC para que convoquen, en unidade de acción con resto dos sindicatos e todos os colectivos e organizacións implicados nesta loita, unha nova folga xeral de 48 horas. Ese é o camiño para vencer.

¡Basta de atacar á educación pública!

¡Os recortes para os banqueiros!

¡O fillo do obreiro á Universidade!

¡Úneche ao Sindicato de Estudiantes para continuar a loita!



636 217 248 • galiza@sindicatodeestudiantes.net